



# GALA DO DEPORTE

SADA 24 DE FEBREIRO 2018



Concello de Sada

## ÍNDICE

1. Premios .....	3
2. O xurado .....	5
3. Normas para a elección das persoas galardoadas .....	5
4. Presentación das candidaturas.....	6
5. As persoas candidatas .....	6
6. Procedemento da selección das persoas candidatas e das persoas premiadas..	6
7. Entrega dos premios .....	7



Concello de Sada

## 1. Premios

### **Mellor deportista absoluta feminina**

Poderán participar como candidatas todas as deportistas en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017, ou ben aquelas deportistas nadas ou empadroadas en Sada que militen en clubs doutras localidades.

### **Mellor deportista absoluto masculino**

Poderán participar como candidatos todos os deportistas en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017, ou ben aqueles deportistas nados ou empadroados en Sada que militen en clubs doutras localidades.

### **Mellor promesa feminina**

Poderán participar como candidatas todas as deportistas en activo que non pertencen á categorías absolutas e que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017, ou ben aquelas deportistas nadas ou empadroadas en Sada que militen en clubs doutras localidades.

### **Mellor promesa masculino**

Poderán participar como candidatos todos os deportistas en activo que non pertencen á categorías absolutas e que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017, ou ben aqueles deportistas nados ou empadroados en Sada que militen en clubs doutras localidades.

### **Mellor deportista feminina con mobilidade reducida**

Poderán participar como candidatas todas as deportistas con mobilidade reducida en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017, ou ben aquelas deportistas nadas ou empadroadas en Sada que militen en clubs doutras localidades.

### **Mellor deportista masculino con mobilidade reducida**

Poderán participar como candidatos todos os deportistas con mobilidade reducida en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017, ou ben aqueles deportistas nados ou empadroados en Sada que militen en clubs doutras localidades.



Concello de Sada

### **Mellor equipo feminino\***

Poderán participar como candidatos todos os equipos femininos en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017.

### **Mellor equipo masculino\***

Poderán participar como candidatos todos os equipos masculinos en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017.

\*Os equipos mixtos formados por nenos e nenas de categorías inferiores poderán presentarse a calquera dos dous premios.

### **Mellor técnica feminina**

Poderán participar como candidatas todas as adestradoras en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017, ou ben aquelas técnicas nadas ou empadroadas en Sada que militen en clubs doutras localidades.

### **Mellor técnico masculino**

Poderán participar como candidatos todos os adestradores en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio de Sada e que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017, ou ben aqueles técnicos nados ou empadroados en Sada que militen en clubs doutras localidades.

### **Labor de canteira**

Poderán participar como candidatos todos os clubs en activo legalmente constituídos e domiciliados no municipio de Sada que compitan (ou realicen a súa actividade deportiva) durante o ano 2017 e que poidan ser destacados, ao longo do ano, pola súa boa xestión, o labor de promoción deportiva e o apoio ao deporte base.

### **Entidade máis colaboradora co deporte sadense**

Poderán participar como candidatas todas as entidades que promoveran ou colaboraran con calquera dos clubs ou deportistas sadenses.

### **Medio de comunicación**

Poderán ser candidatos todos aqueles medios que poidan ser destacables, ao longo do ano de 2017, polo seu labor de promoción deportiva e o seu apoio ao deporte do municipio.



Concello de Sada

Ademais, o xurado premiará as seguintes distincións:

**Mención especial do xurado**  
**Evento deportivo**  
**Traxectoria do deporte**  
**Mellor entidade deportiva**  
**Mérito deportivo**

## 2. O xurado

O xurado será o órgano colexiado competente para a selección das persoas e entidades candidatas, así como para a concesión dos premios. A súa composición será a seguinte:

**Presidente:** Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sada ou concelleiro en quen delegue.

**Vicepresidenta:** Sra. Concelleira delegada de Deportes do Concello de Sada.

**Membros:**

- O técnico municipal de deportes.
- Unha persoa empregada do Concello de Sada.
- Un xornalista deportivo elixido entre os medios de comunicación con sede na provincia.
- Unha persoa representante do Consello Sectorial de Deportes.
- Unha persoa designada pola Presidencia do Xurado de entre persoas de especial relevancia e recoñecido prestixio no ámbito da actividade física e deportiva.

**Secretaria/o:** Unha persoa empregada do Concello de Sada con voz e sen voto.

## 3. Normas para a elección das persoas galardoadas

1. As deportistas e os deportistas e as técnicas e os técnicos nomeados para calquera das distincións deberán ser naturais ou estar empadroadas/os en Sada.

2. Ningún/unha deportista poderá ser proposto/a para máis dunha distinción dentro do mesmo ano.



Concello de Sada

3. Para a designación das persoas nomeadas, o xurado poderalle solicitar a información que estime necesaria ás federacións, clubs ou entidades que considere oportuno.

4. En casos excepcionais, debidamente motivados e sempre que a decisión se aprobe por unanimidade de todos os membros, o xurado poderá modificar estas bases nos criterios establecidos para elixiren as persoas e as entidades premiadas.

#### **4. Presentación das candidaturas**

Poderán formular propostas calquera persoa física ou xurídica (asociacións, organismos ou entidades públicas ou privadas) relacionadas coa actividade física e o deporte.

As propostas presentaranse na Concellería de Deportes a través do anexo que se xunta a estas bases (Anexo I), acompañadas da documentación que acredite os méritos que aleguen as persoas candidatas.

A presentación de candidaturas implica a total aceptación desta resolución e do ditame do xurado.

#### **5. As persoas candidatas**

Todas as candidatas e candidatos terán que cumprir tanto os requisitos que se indican para cada premio, como os que se detallan a continuación:

Cada club propondrá un máximo dunha persoa candidata por categoría a través da súa xunta directiva. Para isto, debe entregar unha solicitude por cada categoría, xunto co currículo deportivo da persoa candidata, nas dependencias do Concello de Sada no prazo que se lles comunicará por escrito aos clubs.

O xurado pode propoñer outras persoas candidatas que, aínda non pertencendo a ningún club de Sada, sexan naturais da localidade ou que estean empadroadas nela.

Os méritos valorados corresponderán sempre ao ano 2017.

#### **6. Procedemento da selección das persoas candidatas e das persoas premiadas**

Unha vez que finalice o prazo de presentación das candidaturas, o xurado da Gala do Deporte designará un máximo de tres finalistas para cada categoría e determinará a persoa gañadora. Para isto, basearase na seguinte puntuación que emitirá cada un dos seus membros:



Concello de Sada

- 5 puntos para a persoa candidata máis votada
- 4 puntos para a segunda persoa candidata máis votada
- 3 puntos para a terceira persoa candidata máis votada
- 2 puntos para a cuarta persoa candidata máis votada
- 1 punto para a quinta persoa candidata máis votada

Logo de que finalice a dita votación, o xurado computará os votos de cada persoa candidata e designará as tres persoas finalistas de cada unha das categorías.

No caso de empate entre as persoas candidatas, o gañador ou a gañadora será determinada polo voto de calidade do presidente do xurado.

## **7. Entrega dos premios**

A entrega dos premios da Gala do Deporte terá lugar o día 24 de febreiro de 2018.